

EDITORIAL

Flores de toxo, florinas,
pequeniñas, amarelas.

Non hai outos coma elas,
que xa amosan as espiñas,
cando a man vai collelas

Flores de toxo, florinas,
aguchadas entre espiñas
coma as flores xa murchina
das miñas profundas dores.
Sodes as mais belas flores

¡ Sodes vos as flores miñas!

(Xosé Crecente Vega)

Así saía á luz aquel primeiro "Chorima" o xornal escolar do CEIP "Sta. María", hai xa moitos anos.

Guiados daquelas mestras, do que chamabamos "2ª etapa", nacia no colexio un equipo de rapaces con ganas de facer cousas novas, e que axiña se convertiron en redactores, debuxantes ou maquetadores doquel xornal que querían editar. Contaron coa colaboración de moitos xornalistas, todos os rapaces do centro; dende os máis pequeniños de tres anos (grandes debuxantes) ata os rapaces e rapaceas de 7º e 8º de E X B que así se chamaba naquel intre.

Este curso prantexouse a través do equipo de "Normalización e Dinamización Lingüística" facer como actividade unha revista escolar.

O primeiro que tínhamos que facer era pórle un nome; para elo sacamos dos nosos arquivos aqueles xornais en branco e negro, feitos con máquinas Olivetti e pasados a multicopista que tan fermosos recordos nos traían.

Lembramos aquelas compañeiras, que hoxe están mentres centras ou xubiladas e aquelas rapaciños que hoxe son médicos, mecánicos e xeneiros ou electricistas e algúns... ¡son xornalistas!

Por todo isto e moitas cousas máis, decidimo que a nosa "revista escolar" se chamaria CHORIMA, en homenaxe a aquel vello xornal escolar que tan bos recordos nos traía. Con este espírito e moitas ganas imos sacar neste curso 2007-2008 a nosa revista, a nova CHORIMA.

A min práceme moitísimo facer esta carta, que será a editorial e animosos a todos a seguir con entusiasmo e ganas de facer cousas, como estades demostrando agora, e que este primeiro número, sexa a semente de moitas máis.

Felicítavos polos vosos traballos que eran todos moi bos, aínda que aquí, só apareceren algúns. Animar ás vosas familias e amigos a ler a revista.

E como despedida pedimos aos que hoxe estades no colexio e aos que han vir ao longo do ano que a nosa CHORIMA siga a florecer cada ano como fai a primavera e que esta nosa, flor do toxo, non se murche endexamais.

Mu agarimoso saúdo

Coché